

A vogal /i/ en posición átona final de palabra no galelo medieval*

Ramón MARIÑO PAZ

Departamento de Filoloxía Galega
Universidade de Santiago de Compostela
ramon.marino.paz@usc.es

RESUMO. O obxectivo deste artigo é achegar toda a información posible sobre a vogal /i/ situada en posición átona final no galego medieval. Tras unha exposición complementaria do que aconteceu coas vogais posteriores na mesma posición, preséntase unha relación completa das vogais tónicas elevadas por /-i/ no dominio galego e, finalmente, dátese a extinción de /-i/ nas fontes escritas conservadas.

Palabras chave: Galego medieval, /i/ átono final, mudanza lingüística

RESUMEN

El objetivo de este artículo es proporcionar toda la información posible sobre la vocal /-i/ situada en posición átona final en el gallego medieval. Tras una exposición complementaria sobre lo acontecido con las vocales posteriores en la misma posición, se presenta una relación completa de las vocales tónicas elevadas por /-i/ en el dominio gallego y, finalmente, se fecha la extinción de /-i/ en las fuentes escritas conservadas.

Palabras clave. Gallego medieval, /i/ átona final, cambio lingüístico.

The Vowel /i/ in Final Atonic Word Position in Medieval Galician.

ABSTRACT

The aim of this article is to provide information about the vowel /i/ located in final atonic position in medieval Galician. After a complementary presentation about the velar vowels in the same position, the article contains a complete relation of the tonic vowels elevated by /i/ in the Galician dominion and an account of the extinction of this vowel in the Galician medieval written sources.

Key words: Medieval Galician, final atonic /i/, language change.

SUMARIO: 1. Obxecto de estudo. 2. As vogais velares en posición átona final de palabra no dominio galego e nos dominios románicos veciños. 3. A metafonía producida por /-i/ átono final en galego. 4. A extinción de /-i/ como vogal átona final de palabra no galego medieval. 4.1. /-e/ e [-j] como resultados estabilizados en todo o galego medieval. 4.2. A culminación do paso /-i/ > /-e/ en posición átona final. 4.2.1. Outri. 4.2.2. Li(s), lli(s). 4.2.3. Primeira persoa do singular dos pretéritos fortes de indicativo. 4.2.4.

* Este traballo realizouse ao abeiro do proxecto de investigación denominado *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos* (HUM2007-61790), financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia do goberno español durante os anos 2007-2010 e dirixido por Pilar Lorenzo Gradín.

Segunda persoa do singular dos pretéritos de indicativo. 4.2.5. Segunda persoa do singular dos imperativos da terceira conxugación. 4.2.6. Outras formas con /i/ átono final. 4.2.7. Cabo.

1. Obxecto de estudo

Podemos afirmar sen temor a equivocarnos que ao finalizar a Idade Media o romance galego unicamente admitía tres fonemas vocálicos na posición átona final das súas voces patrimoniais (/a/, /e/ e /o/), con probables excepcións xa moi languidecentes que resistirían nalgúnhas das súas variedades xeográficas, sociais ou contextuais. Ora ben, coido que con idéntica seguranza podemos asegurar que ese subsistema era o resultado da simplificación dun subsistema anterior que, fraguado no distante período da latinización, contaría con dúas vogais palatais (/e/ e /i/) e outras dúas velares (/o/ e /u/). Na realidade, os datos que a investigación en lingüística histórica e en dialectoloxía iberorrománicas veu poñendo ao noso dispor nas últimas décadas amosan que o latín vulgar ou protorromance dunha gran parte do norte ibérico, desde o litoral galego e portugués ata A Rioxa¹, mantivo na posición átona final un subsistema con cinco vogais e tres graos de abertura diferenciados, cuxos últimos vestixios aínda hoxe resisten nalgúnhas zonas asturianas e cántabras²:

1. Abertura máxima: /a/ (< lat. *Ā, Ǻ*).
2. Abertura media: /e/ (< lat. *Ē, Ĕ, Ī, Æ*) e /o/ (< lat. *Ō, Ŏ*).
3. Abertura mínima: /i/ (< lat. *Ī*) e /u/ (< lat. *Ū*).

Isto é o que permite afirmar non só o exame do material epigráfico e da documentación preliteraria e literaria de moitas zonas do norte ibérico, senón tamén o conxunto dos resultados aínda vivos en falas asturianas e cántabras arcaizantes en que na actualidade se diferencian os resultados palatais /-e/ e /-i/ (TARDE > *tarde*, HERĪ > *ayeri*, etc.) e os velares /-o/ e /-u/ (LŪPŌS > *llobos*; LŪPŪ > *llobu*, *llubu*; etc.).

Como con certo detalle veremos máis adiante, a documentación galega medieval demostra ademais que nas voces patrimoniais do romance galego o cambio /-i/ > /-e/ non se completara aínda ao chegar o século XV e que a resistencia dos últimos vestixios da variante conservadora da variable obxecto da mudanza mesmo se puido prolongar ata as portas do XVI. Porén, algunhas gramáticas históricas galegas ignoran ou desdeñan este dato, de tal maneira que na miña opinión non

¹ Segundo Lütke (1993: 283), trátase dunha “faixa que —apenas interrompida pelo País Basco— se estende de Portugal até ao vale superior do Ebro e que na sua parte nortenha corresponde ao território que não sofreu grandes perturbações demográficas devidas à conquista e reconquista”.

² Cf., entre outros, Alonso 1962; de Granda Gutiérrez 1960; Penny 1970: 61-66, 375-377; Penny 1978: 26-31, 47-55; Lütke 1970, 1993; Neto 1977: 185-186; García Arias 1988: 82-99; Cano González 2002: 30, 32; Martínez Álvarez 2006.

transmiten unha idea exacta do que foi o desenvolvemento histórico destes feitos. En efecto, na sección de vogais átonas finais dos seus *Elementos de gramática histórica gallega* García de Diego (1909: 22-25) só contemplaba a existencia das unidades /a/, /e/ e /o/ e non facía ningunha referencia ao rexistro de formas rematadas en /-i/ no galego medieval, se ben unhas páxinas máis adiante anotaba varios casos de elevación da vogal tónica provocados por “i originaria final”: FĒCĪ > *fijen*, TĒNUĪ > *tiven*, etc. (pp. 59-60). Moito máis recentemente, Ferreiro (1995: 57-65) falou tamén exclusivamente de /a/, /e/ e /o/ en posición átona final, mais —iso si— aducindo a seguinte explicación para a súa desconsideración de /-i/: “Algunhas grafías medievais con *-i* final non implican unha pronuncia [i], desde o momento en que son explicábeis algunhas delas por asimilacións e na maioría dos casos por conservación gráfica do *-I* final latino, sobre todo nas P1 dos pretéritos fortes (*li, lhi, figi, quigi*, etc.)”. Curiosamente, esta afirmación realízase sen ningunha referencia a un significativo feito ao que o propio Ferreiro alude noutras pasaxes da súa obra (pp. 32, 37, 39): a elevación das vogais tónicas de palabras que procedían de étimos latinos con *-Ī*, causada por un proceso de asimilación anticipatoria. Xa que logo, dá a impresión de que tanto García de Diego coma Ferreiro acreditan na conservación de /-i/ como resultado regular de *-Ī* no galego oral da época arcaica ou preliteraria, pero xa non no do século XIII. Mais, a meu parecer, a consideración das exactas proporcións do fenómeno da conservación de *-i* no galego escrito medieval e, por outra parte, a atención ao acontecido noutros espazos románicos veciños que mantiveron ese /-i/ mesmo ata a lingua oral de hoxe invitan a rexeitar tales reticencias no tocante á efectiva existencia de voces con /-i/ no galego falado no treito final da Idade Media.

Non alberga dúbidas a este respecto Ramón Lorenzo (1995: 659), que na súa síntese de gramática histórica galega non pon en cuestión o valor do testemuño dos documentos escritos medievais no relativo ao problema que aquí nos ocupa:

Cuando procedía de *-Ī*, en los primeros tiempos se mantiene esta vocal, siempre alternando con *-e* o con la pérdida (en formas verbales): ĪLLĪ > *li, lli, le, lles*; FĒCĪ > *figi, fige, fiz, fize* (igual en *pugi, puge, pus, quige, quigi, quis*, etc.); FECĪSTĪ > *fezisti, fezischi, fezeschi, feziste, fezesche, fezeche*; VĪGĪNTĪ > *viinti, vinte*, etc. Además de estos casos, hay otras palabras que presentan ocasionalmente *-i* en toda la E. M.: *firmi, libri, cinqui, nomi*, etc.

A opinión de Lorenzo concordaba coa que uns anos antes manifestara Clarinda Maia (1986: 521-523) nun extenso estudo de textos notariais galegos e do noroeste de Portugal redactados entre mediados do século XIII e os inicios do XVI. Na súa investigación a profesora portuguesa afirmaba que a rexión da que ela se ocupa para “conheceu inicialmente uma distinção entre os fonemas da série anterior /e/ e /i/, que representam respectivamente o resultado da evolução dos fonemas do latim clássico /ĕ, ē, ĭ/ e /ī/” (p. 521). Ademais, Maia amosaba que a vogal /-i/ se rexistra en formas pronominais e verbais e nalgunhas palabras invariables presentes en textos literarios e mais en documentos notariais do século XIII e mesmo do XIV ou, máis raramente xa, en instrumentos notariais do XV.

Pois ben, o que nas páxinas que seguen me propoño facer consiste en despexar reticencias e confirmar a persistencia dun número non desdeñable de variantes conservadoras con /-i/ átono final mesmo nas fontes galegas do século XV. Pretendo así corroborar as observacións que a este respecto fixeron Maia e Lorenzo ampliándoas con datos que eles non citan e que foron recadados, fundamentalmente, no Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG), aparecido en 2004. Como apoio complementario destes datos medievais utilicei o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) para a dialectoloxía do galego moderno e o Servidor de Información Territorial de Galicia-Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (SITGA-IDEIG, Xunta de Galicia) para a toponimia. Tras unha previa exposición complementaria do que aconteceu coas vogais posteriores en posición átona final (tradicionalmente máis atendidas ca as anteriores en idéntico contexto nos ámbitos galego e portugués), presentarei unha relación completa das vogais tónicas elevadas por /-i/ no dominio galego e, finalmente, reunirei os diversos testemuños que nos falan sobre os últimos pasos dunha mudanza lingüística que con toda a certeza se orixinara moito antes do século XIII: a extinción da vogal palatal de mínima abertura na posición átona final das voces patrimoniais do galego medieval.

2. As vogais velares en posición átona final de palabra no dominio galego e nos dominios románicos veciños

En paralelo co que acontece para as vogais palatais, os datos relativos ás vogais velares en posición átona final de palabra de que hoxe se dispón conducen á conclusión de que no noroeste ibérico, e tamén en amplas zonas setentrionais situadas máis ao leste, se mantivo durante longo tempo unha distinción entre /-o/ (< lat. Ō, Ō) e /-u/ (< lat. -Ū). Nas Glosas Emilianenses e Silenses lense, por unha parte, a forma verbal *castigo*, o adverbio *lueco* ou o plural *nafregatos* ‘naufregados’ e, por outra, a forma verbal *debemus* ou o participio singular *nafregatu*. Se tal distinción dista de ser perfecta nestes e noutros textos ibéricos arcaicos, será porque son moi antigas as tendencias cara á nivelación analóxica das terminacións, e nomeadamente cara á súa igualación en /-o/: na morfoloxía nominal, os singulares rematados en /-u/ (< lat. -ŪM) resultarían influídos polos plurais terminados en /-os/ (< lat. -ŌS), e xa nas devanditas Glosas Emilianenses e Silenses se recollen *nuestro dueno*, *uello* ou *elo* ‘el’. Ademais, mentres que o /-u/ procedente do latino -Ū debía de ser unha vogal imprecisa, oscilante entre /o/ e /u/ e desde logo máis aberta ca o /u/ proveniente do Ū latino, o /-o/ proveniente de Ō ou Ō seguramente presentaba un matiz máis preciso e tenso e estaba por tanto en mellores condicións de atraer cara a si o /-u/ átono final ca de ser atraído por esta vogal³. Así e todo, a total desaparición de <-u> na lingua escrita de certas comarcas do norte de Castela non se produciu ata o século XIII, ao paso que na lingua

³ López García (1977-1978) opina que o resultado de -Ū puido ser unha vogal media alta labializada que nuns dialectos ibéricos acabaría en /-u/ e noutros dialectos acabaría en /-o/.

oral a vogal /-u/ se mantivo ata hoxe en diversas áreas dos dominios asturiano e leonés. Por terras de Asturias e Cantabria esta vogal afectou metafoneticamente a vogal tónica dos masculinos singulares, que quedaron así dobremente caracterizados fronte aos masculinos plurais, nos que o /-o/ etimolóxico non inflexionou a vogal acentuada:

LŪPŪ > *llubu* (ou tamén *llobu*) / LŪPŌS > *llobos*
 ÖCULŪ > *güiyu* / ÖCULŌS > *güeyos*.

Nalgunhas falas dos dominios asturiano e leonés produciuse a expansión de /-u/ a custa de /-o/ etimolóxico (coma en portugués), mentres que noutras foi /-o/ a vogal triunfante no proceso de desaparición da distinción de dous graos de abertura entre vogais velares na posición átona final de palabra. Obviamente, entre ambos os extremos poden darse falas con alternancias de /-o/ e de /-u/ dificilmente sistematizables⁴.

Polo que atinxe aos territorios galego e portugués, é patente que xa desde as primeiras manifestacións das súas tradicións escritas o grafema <-o> se utilizou con certa frecuencia para representar os reflexos romances procedentes das vogais latinas Ö, Ō e Ū situadas en posición átona final, fose esta absoluta ou trabada por consoante. Os casos en que se utilizou a grafía <-u> son bastante abundantes nas fontes notariais máis antigas, mais desde finais do século XIII e inicios do XIV fóronse facendo particularmente infrecuentes. Recordemos, a xeito de demostración do que estamos a dicir, que na bracarense *Noticia de Torto* (ca. 1214) os substantivos e adxectivos masculinos e singulares xa se escribiron normalmente con grafía final <-o>, pero non sen as excepcións de *fructu* e *fructu* (< lat. FRŪCTŪ) (cf. Cintra 1990: 53). Lembremos, así mesmo, que no manuscrito de Lisboa do testamento en romance do rei portugués Afonso II (1214) se len *Portu* e o plural *manus* (< lat. vg. MANŌS) (e tamén *suso*, *o* e *os*), mentres que no manuscrito de Toledo que contén o mesmo testamento o que se rexistra é *Porto* e *manos* e, alén disto, os usos alternantes de *susu* e *suso* (< lat. SŪRSŪM), de *u* e *o* (< lat. ĪLLŪ) e mesmo de *us* e *os* (< lat. ĪLLŌS) (cf. Castro 1991: 204; Castro 2006: 101-102). En troques, no Testamento de Estevo Pérez (1260), elaborado en territorio galego, o uso de <-u> en posición átona final chega case a se facer norma, non só nos casos descendentes de formas latinas con -Ū (*Burgu*, *cāpu*, *corpu*, *foru*, *quantu*, etc.), senón tamén nas voces provenientes de étimos con -Ō (*ayu* < HABEŌ, *fazu* < FACIŌ, *filus* < FĪLIŌS, *mandu* < MANDŌ). Con todo, neste documento tamén se encontra <-o> en palabras que en latín tiñan -Ō (*mādo*, *clericos*) e en palabras que tiñan -Ū (*foro*, *Stefano*) (cf. Souto Cabo 1996).

⁴ Para a sintética exposición anterior cf. Menéndez Pidal 1980: 168-172; Alonso 1962: 123-124; de Granda Gutiérrez 1960; Blaylock 1964-1965; Cano González 1981: 37-39; García Arias 1988: 90-99; Cano González 2002: 30, 32; Martínez Álvarez 2006; Borrego Nieto 2006; Álvarez Martínez 2006.

En xeral, <-o> é a solución que máis se rexistra nos textos notariais galegos e portugueses tanto para descendentes de formas latinas con -Ō coma para descendentes de formas con -Ū; non obstante, en instrumentos do século XIII e incluso nalgún do XIV recóllense variantes minoritarias con <-u> átono final (*Nunu*, 1255, 1257; *coutu*, 1257; *conuentu*, 1262; *difinimus*, 1262; *herdamentu*, 1282; *prezu*, 1282; *notariu*, 1333; etc.), que por veces incluso remiten a étimos con -Ō (*dozentus*, 1282; *dinejrus*, 1296; *llus*, 1302; etc.) (cf. Maia 1986: 408-412). Dado que tales testemuños, sendo minoritarios, resultan máis abundantes no período dos inicios da fixación escrita do idioma, cabe a sospeita de que moitos deles deban explicarse como resultado das tendencias latinizantes que gravitaban sobre os escribas que realizaron os primeiros ensaios dunha escrita en romance galego ou portugués.

Pola súa parte, os textos literarios galegos en verso e en prosa mostran desde o século XIII un resultado /-o/ totalmente consolidado como desenvolvemento das vogais átonas finais latinas -Ō, -Ū e -Û:

- QUŌMODŌ > *como* (CSM, LP, AT, TC, GE, CT, HT, MS, CI)
 QUATTŪŌR > *quatro* (CSM, LP, AT, TC, GE, CT, HT, FT, MS, CI), *catro* (CT)
 CĪTŌ > *cedo* (CSM, LP), *çedo* (CSM, LP, TC, GE, CT, HT, MS)
 LŪPŌS > *lobos* (CSM, LP, TC, MS)
 LŪPŪ > *lobo* (CSM, LP, CT, HT)
 DĪCIMŪS > *dizemos* (CSM, TC, GE, CT, HT, MS)

En definitiva, os testemuños gráficos de que dispoñemos apuntan cara a un triunfo xeneralizado do resultado /-o/ no romance galego polo menos desde o século XIII, xa que, de ser /-u/ a vogal articulada nestes casos en posición átona final, á inercia latinizante sumaríase o propio factor da pronuncia para favorecer unha representación gráfica con <-u>. Con todo, é posible que houbese no occidente distintos resultados territorialmente distribuídos (cf. Maia 1986: 412-420, 525-526): a metafonía prevalecente hoxe en portugués, con inflexión da vogal tónica só no masculino singular e non no feminino nin nos plurais, inclina a pensar na existencia dunha antiga diferenciación ‘masculino singular /-u/ vs. masculino plural /-os/’ nas terras centro-meridionais de Portugal. A inexistencia de tal metafonía ao norte do río Douro poderíase explicar por unha antiga unificación en /-o/ para os descendentes das vogais latinas -Ō, -Ū e -Û. Finalmente, a metafonía galega, con inflexión da vogal tónica no masculino singular e plural e non nos femininos⁵ (e só coñecida nunha parte de Galicia, basicamente occidental), talvez se producise por un antigo influxo exercido nalgúns áreas xeográficas por unha vogal /-u/ do singular, influxo que logo se propagaría ás formas do plural. No entanto, estas hipóteses batén co problema da representación gráfica medieval, que en xeral non distingue entre masculino singular e masculino plural porque en xeral unifica as terminacións nominais en <-o>. Por outra parte, aínda que a hipó-

⁵ Véxase: CATĒLLU: *cad[’e]lo(s) / cad[’e]la(s)*; NŌVU: *n[’o]vo(s) / n[’o]va(s)*.

tese resulta pouco convincente, non se pode desbotar por completo a posibilidade de que a metafónica puidese ser producida non soamente por /-u/ átono final, senón tamén por un /-o/ cunha realización moi pechada flutuante entre /o/ e /u/.

Hoxe o galego presenta a solución /-o/, pero o portugués presenta /-u/. ¿Cando chegou o portugués a este resultado? Non hai acordo entre os especialistas a propósito disto, e o debate xa é antigo. Mentres que Williams (1975: 61) opinaba que o /-o/ “se tornou [u] já no século XII” e Hart Jr. (1955, 1959) aseguraba que a pronuncia con /-u/ era polo menos a característica do portugués quiñentista, Revah (1959) defendeu a idea de que nin esa realización nin a de /-i/ para <-e> se deron ata as primeiras décadas do século XVIII. Contra isto, Herculano de Carvalho (1962) entendía que, se é certo que ata o século XVIII, mercé ás informacións transmitidas por Luís Caetano de Lima, non temos a certeza da existencia das pronuncias /-i, -u/, estas deberon de aparecer con anterioridade, polo menos no século XVI, se non antes; substancialmente, concorda con esta idea Paul Teysier (1966). Naro (1971) considera que hai evidencias incontestables de que o paso de /-e/ a /-i/ e de /-o/ a /-u/ non se deu ata polo menos o derradeiro cuartel do século XVII. Como xa vimos, Maia (1986: 408-420) cre que a distinción entre /-u/ < -Ū(M) e /-o/ < -Ō(S) existiría desde os inicios nas terras situadas ao sur do Douro, mentres que ao norte deste río o resultado común para as dúas vogais finais latinas mencionadas sería /-o/; deste xeito, no centro e sur do reino de Portugal os nomes masculinos singulares verían inflexionada metafónicamente a súa vogal tónica, ao tempo que no norte, onde aínda hoxe hai áreas en que se conservan nomes con vogais tónicas non inflexionadas, non se produciría tal mudanza. Martins (1988: 356-357; 2007: 173-178), por último, avanza a hipótese de que a realización [u] inicialmente só existiría como resultado de -Ū(M), para despois, nun primeiro momento, estenderse analoxicamente aos correspondentes plurais e só máis tarde, nunha etapa de xeneralización xa non condicionada morfoloxicamente que debeu de discorrer despois do século XIII, chegar tamén ás formas conxuncionais, adverbiais e verbais.

3. A metafónica producida por /-i/ átono final en galego

Ao igual ca a velar, a vogal palatal de mínima abertura do protorromance situada en posición átona final provocou a inflexión da vogal tónica das palabras en que se encontraba. Esta mudanza debeuse de producir en tempos moi recuados, pois aparece nun territorio moi amplo que sobrepasa os lindeiros da Romania Occidental. De feito, alcanzou extensas áreas románicas occidentais en que, non obstante, non se deu a metafónica ocasionada por /-u/, o que debe de querer dicir que o que nelas sucedeu foi que /-u/ (< lat. -Ū) se abriu en /-o/ antes de que /-i/ (< lat. -Ī), logo de pechar a vogal tónica, o fixese en /-e/. De feito, as fontes galegas medievais, onde <-o> semella asentado con pouca competencia desde o século XIII, amosan con certa frecuencia resultados con <-i> (< lat. cl. -Ī) ata moi avanzado o XIV e incluso ofrecen non poucos testemuños deste tipo no século XV. O

/-e/ procedente da abertura deste /-i/ romance derivado de -Ī latino, maioritario xa nos textos galegos do século XIII, puido posteriormente perderse por apócope.

As inflexións de vogais tónicas inducidas por esta vogal átona final puideron entrañar alteracións de incluso dous graos. No romance galego estas alteracións foron as seguintes⁶:

- 1) /ɛ/ > /e/: VĚNĪ > *ven* (CSM, LP, GE, MS; ALGa 1, mapa 420). O imperativo *ten* (CSM, TC; ALGa 1, mapa 377) (lat. cl. TĒNE) pode ser analóxico de *ven*, se é que non se creou xa antigamente unha forma *TENĪ sobre o modelo de VĚNĪ.
- 2) /ɛ/ ou /e/ > /i/. Deuse esta mudanza na primeira persoa do singular de pretéritos de indicativo irregulares: QUAESĪ(V)Ī > *quigi* (LP, MS), *quiji* (LP), *quige* (CSM, LP, CT, HT), *quie* (CT), *quix* (CSM, LP), *quyse* (LP); CRĚDUĪ > *crive* (LP); FĚCĪ > *fize* (LP, GE, HT), *fiz* (CSM, LP, TC, CT, HT, HG-P), *fis* (HG-P), *fise* (AP), *figi* (LP), *figj* (TC, HG-P, anos 1289, 1301), *fige* (CSM, LP, TC, GE, CT, HT, MS, HG-P), *fije* (CT), *fixe* (CT), *fix* (CSM, LP; HG-P, anos 1258, 1269), *fyzin* (HG-P, ano 1497) e o moderno *fixen* (ALGa 3, mapa 66)⁷; *SĚDUĪ > *ssiv*' (LP)⁸; VĚNĪ > *vin* (CSM, LP, MS), *vim* (TC, GE, CT), *uim* (TC). Así mesmo, experimentaron esta elevación as vogais radicais das segundas persoas do singular dos imperativos da terceira conxugación: SĚNTĪ > *sinte*, *SĚQUĪ > *sigi* (MS), SĚRVĪ > *syrue* (GE)⁹.
- 3) En distintas voces con Ī tónico latino o /-i/ átono final impediu a abertura regular da vogal tónica: ĪBĪ > *i* (CSM, LP...), *y* (CSM, LP...), *hi* (TC), *hy* (TC)¹⁰; MĪHĪ > *mi* (CSM, LP...), *mj* (HG-P, AP), *mĩ* (HG-P), *mĵ* (TC, HG-P, AP), *min* (CSM; DGS13-16, anos 1253-1254), *mjn* (HG-P, anos 1442, 1506); TĪBĪ > *ti* (CSM, LP...); SĪBĪ > *si* (CSM,

⁶ Unha sintética exposición dos efectos da metafónica causada por /-i/ no asturiano ofreceu-na García Arias (1988: 85-87).

⁷ Resulta insólito, por tanto, o *fĕz[i]* (LP) que se le nunha cantiga do trobador galego Vasco Fernandez Praga de Sandin, activo na primeira metade do século XIII: "E pero sōo sabedor, | mia senhor, que *fĕz[i]* mal -sen | porque vus ora falei én" (LP, 151,27). Poderíase discutir a pertinencia de restituír -i e non -e como vogal final, mais o que choca é que a vogal radical sexa *e* e non *i*.

⁸ Tamén se documentan as variantes *sĕvi* (LP, 16,6) e *sevi* (LP 25,131), a primeira nunha cantiga do trobador galego Airas Perez Vuitoron e a segunda nunha de Don Denis, rei de Portugal.

⁹ Na *Gramática do português antigo* Huber (1986: 228) afirma que desde o século XIV ata o final do XVI se encontran xeralmente formas de imperativo tales como *fire*, *pide*, *sigue* e *sirve* (e tamén *cubre*). Nos textos galegos desa época escasean as formas da segunda persoa do singular do imperativo de verbos da terceira conxugación, pero as poucas que hai amosan case sempre a inflexión da vogal tónica.

¹⁰ No caso deste adverbio é posible que houbo un cruzamento con HĪC ou mesmo que sexa HĪC o seu verdadeiro étimo (cf. DCECH).

- LP...); VĪĠINTĪ > *viintj* (HG-P, ano 1282), *viint'* (CSM), *viinte* (GE, MS, CI), *vijnte* (CT, HT, AP), *vinte* (CSM).
- 4) Nas segundas persoas do singular dos pretéritos de indicativo dos verbos irregulares, provenientes de formas latinas de pretérito forte rematadas en -ĪSTĪ, de par de solucións grafadas cun <e> que probablemente xa desde o século XIII representaba unha vogal temática /ɛ/ empregada na xeneralidade das falas galegas (cf. Santamarina 1974: 56-60), rexístranse non poucas veces resultados con /i/ nas fontes medievais, e nomeadamente en CSM, LP e TC¹¹: DĒDĪSTĪ > *desti* (CSM), *deste* (TC), *deschi* (TC), *desche* (TC), *disti* (CSM), *diste* (CSM); DĪXĪSTĪ > *disesti* (TC), *diseste* (TC), *disesche* (TC), *dissiste* (CSM); FĒCĪSTĪ > *fezeste* (CSM, CT), *fezeschi* (TC), *fezesche* (TC), *fezisti* (CSM, LP, TC), *feziste* (CSM, TC, GE, CT, HT), *fezische* (CSM, TC, CT); FUĪSTĪ > *fuiisti* (LP), *foysche* (TC); HABUĪSTĪ > *ouveste* (CSM, LP), *ouvististi* (CSM), *ouviste* (CSM), *ouuischi* (TC); POSUĪSTĪ > *posesche* (TC); POTUĪSTĪ > *podesche* (CT), *podischi* (TC); QUAESĪVĪSTĪ > *quiseste* (LP), *quisiste* (CSM, HT), *quisische* (CSM); *SĒDUĪSTĪ > *seviste* (CSM); *TRAXUĪSTĪ > *trouxeste* (TC), *trouxisti* (CSM, LP); VĒNĪSTĪ > *uëesche* (CT), *ueéscheme* (CT). Nestes casos a vogal átona final, máis que inflexionar a vogal tónica románica, debeu de dificultar a abertura fonética do Ī latino. Por outra parte, se, como supón Ferreiro (1995: 290), para o pretérito de indicativo dos verbos regulares da segunda conxugación se crearon unhas desinencias analóxicas das propias da primeira e a terceira, a correspondente á segunda persoa, que sería -ESTĪ, vería inflexionada a súa vogal tónica por causa do influxo da vogal átona final; pénsese en formas de verbos regulares da segunda conxugación como *desçendiste* (CT), *faleçische* (TC, CT), *prometiste* (CT, MS), *ronpischisti* (TC), *tolhisti* (LP), *tolliste* (TC), *tollische* (TC, CT), *uoluische* (CT), *uoluishti* (TC), etc. Esta vogal temática /i/ é hoxe maioritaria en galego para a segunda persoa do singular dos pretéritos de indicativo dos verbos regulares da segunda conxugación (cf. Fernández Rei 1990: 82; AL-Ga 3, mapa 79).
- 5) Nos topónimos xermánicos rematados no tema -SINDUS declinado en xenitivo pódese dar a terminación -(s)inde, aínda que é máis común -(s)ende: fronte a *Recesindes* (A Coruña) ou *Rececinde* (A Coruña) temos *Aldosende* (Lugo), *Ardesende* (A Coruña, Ourense), *Esposende* (Ourense), *Gomesende* (A Coruña, Lugo, Ourense), *Recesende* (Lugo), *Rosende* (A Coruña, Lugo, Pontevedra), etc. (cf. SITGA-

¹¹ Hoxe en día estas variantes con /i/ só son propias do galego de Asturias (cf. Fernández Rei 1990: 83). É posible, por tanto, que os rexistros medievais que aquí recollo poidan interpretarse como indicios dun uso máis estendido de tales formas naquela época.

- IDEG). Sucedeu o mesmo no territorio asturiano (cf. García Arias 1988: 86).
- 6) /ɔ/ ou /o/ > /u/: PÖSŪĪ > *pusi* (HG-P, ano 1281), *pugi* (HG-P), *pugj* (LP, HG-P), *pugy* (HG-P), *puge* (HG-P), *puje* (LP, HG-P), *puye* (HG-P, ano 1283)¹²; PÖTŪĪ > *pudi* (LP), *pude* (LP, CT, MS; HG-P, ano 1333), *puđ'* (CSM, LP)¹³; COOPERĪ > *cubri* (TA), *cubre* (TA).
 - 7) Noutras palabras o /-i/ átono final impediu a abertura de Ū latino en /o/: FŪĪ > *fui* (CSM, LP), *fuj* (HG-P), *fuy* (TC, HG-P)¹⁴; FŪĪ (imperativo) > *fuge* (CSM); ŪBĪ > *hu* (TC, GE, CT, MS...), *u* (CSM, LP, TC...).
 - 8) Nos topónimos xermánicos rematados nos temas -MUNDUS e -ULFUS declinados en xenitivo a vogal átona final tamén puido evitar a abertura da vogal tónica en /o/ (cf. SITGA-IDEG): fronte a *Ansamonde* (Ourense), *Baamonde* (A Coruña, Lugo, Ourense), *Guisamonde* (A Coruña), *Racamonde* (A Coruña, Lugo), *Ramonde* (A Coruña, Lugo), *Ximonde* (A Coruña, Lugo), etc. achamos *Aldemunde* (A Coruña), *Contimunde* (A Coruña), *Freitemunde* (Lugo), *Hermunde* (Lugo), *Recemunde* (Lugo), *Estramundi* (A Coruña) e *Trasmundi* (A Coruña); fronte a *Esmolfē* (Lugo), *Friolfē* (Lugo), *Gorolfē* (Lugo) ou *Randolfē* (Lugo), *Arulfē* (Lugo), *Borulfē* (Ourense), *Frexulfē* (Lugo), *Gondulfē* (Lugo, Ourense), *Gondufe* (Pontevedra), *Nandulfē* (Lugo), *Nandufe* (A Coruña), *Randulfē* (A Coruña, Lugo), *Randufe* (A Coruña, Pontevedra), *Sesulfē* (A Coruña, Lugo), *Trasulfē* (Lugo, Pontevedra), etc. Sucedeu o mesmo no territorio asturiano (cf. García Arias 1988: 86).

¹² Tamén *pogi* (1274), *poge* (1261), *pogy* (1272) (cf. AP).

¹³ Tamén *pyde* (TC), *puyde* (TC).

¹⁴ Nos textos galegos son abundantes as formas do tipo de *fui* para a primeira persoa desde o século XIII, mais tamén o son as do tipo *foi*; e, á inversa, para a terceira persoa (lat. FŪĪT) é común *foi* desde o século XIII, mais ao lado de numerosas ocorrencias de *fui*. Esta duplicidade persiste na fala actual no caso da terceira persoa, pero para a primeira é hoxe rarísima a solución *foi* (cf. ALGa 1, mapas 359, 361). Algúns autores suxiren que a dualidade medieval se puido deber á coexistencia en latín de formas do tipo de FŪĪ e FŪĪT, que darían *foi* na primeira e na terceira persoas, e formas do tipo de FŪĪ e FŪĪT, que conducirían a *fui* en ambos os casos (cf. Maia 1986: 819-826). Con todo, cómpre recoñecer que FŪĪ contiña en si mesma un elemento inflexionador da vogal tónica que explica suficientemente o resultado *fui* e converte en innecesaria a postulación da base FŪĪ. Por outra parte, dado que o descendente do Ī da terceira persoa permaneceu como elemento asilábico ata hoxe mesmo ([-j]), hai que recoñecer que tamén nesta forma operou durante séculos un persistente elemento inflexionador da vogal tónica. Deste xeito, tanto nos descendentes de FŪĪ coma nos de FŪĪT se daban condicións para que os respectivos resultados fosen *fui* e *fui* (se se producía a inflexión da vogal tónica inducida pola semiconsoante palatal posnuclear) ou ben *foi* e *foi* (se tal inflexión non se verificaba). A especialización de *fui* (e o moderno *fun*) para a primeira persoa e *foi* para a terceira só viría despois da inicial etapa de indiferenciación e obedecería a razóns de regularización que cobrarían vigor sobre todo a partir do momento en que a lingua galega foi comezando a ser un instrumento de comunicación supralocal.

Xa que logo, podemos afirmar que no dominio galego, coma na Romania Occidental en xeral, a metafonía causada por /-i/ só afectou un grupo non moi numeroso de palabras (algunhas formas pronominais, algunhas formas verbais e algúns adverbios e numerais) e de topónimos. Tal limitación, como xa advertiu Dámaso Alonso (1962: 109), veu determinada por motivos morfolóxicos:

En los casos italianos [...] la gran frecuencia de este tipo de metafonía está posibilitada por la formación del plural en *-i*, y en el Sur por el masculino singular en *-u* (*-i* y *-u*, que en unos sitios persisten y en otros, o se han transformado, o han desaparecido posteriormente). En las zonas de la Península Hispánica [...] es más frecuente la *-u*, y, por tanto, la metafonía por ella producida; con menos frecuencia aparecen la *-i* y la metafonía por ella provocada.

4. A extinción de /-i/ como vogal átona final de palabra no galego medieval

A análise da documentación galega do século XIII revela que nun reducido grupo de palabras patrimoniais do idioma galego xa se estaban vivindo daquela os últimos compases dunha mudanza lingüística que sen dúbida ningunha se iniciara moito antes. En posición átona final ese escollido monllo de voces sometidas a variación debatíase daquela entre a adopción dunha variante conservadora [-i], herdada desde as fases máis antigas da latinización, e unha variante innovadora [-e] cuxo triunfo supoñería a anulación da primitiva distinción entre vogais anteriores no devandito contexto fonético. Trataríase, por exemplo, da situación de variación que se daba entre *li(s)* ou *lli(s)* e *le(s)* ou *lle(s)* para a expresión do clítico complemento indirecto de terceira persoa, entre *figi* ou *fige* para a primeira persoa do singular do pretérito do indicativo do verbo *fazer*, entre *-sti* / *-schi* (*amasti* / *amaschi*) e *-ste* / *-sche* (*amaste* / *amasche*) para o sufixo número-persoal da segunda persoa do singular do mesmo tempo verbal, etc. Centrareime inmediatamente nesta cuestión, mais non sen antes expoñer con toda a brevidade as orixes do maioritario grupo de voces patrimoniais en que os resultados palatais /-e/ e [-j] xa se mostran, con non moitas excepcións, estabilizados en posición átona final de palabra no galego escrito do século XIII.

QUŌMODŌ > *como* (CSM, LP, AT, TC, GE, CT, HT, MS, CI)

QUATTŪŌR > *quatro* (CSM, LP, AT, TC, GE, CT, HT, FT, MS, CI), *catro* (CT)

CĪTŌ > *cedo* (CSM, LP), *çedo* (CSM, LP, TC, GE, CT, HT, MS)

LŪPŌS > *lobos* (CSM, LP, TC, MS)

LŪPŪ > *lobo* (CSM, LP, CT, HT)

DĪCIMŪS > *dizemos* (CSM, TC, GE, CT, HT, MS)

4.1. /-e/ e [-j] como resultados estabilizados en todo o galego medieval

As palabras cuxos étimos latinos tiñan -Ē, -Ē ou -Ī no referido contexto fonético presentan maioritariamente o resultado románico /-e/ xa desde os primeiros textos en galego e mantéñeno despois nas fontes dos séculos XIV e XV:

MĀTRĒ > *madre* (CSM, TC, CT)
 VERITĀTĒ > *uerdade* (CSM, LP, TC)
 CANĒS > *cães* (LP, TC, CT, CI)
 VĪCĒS > *uices* (NT), *fezes* (NT), *uezes* (TC, GE, CT)
 DĪCĪS > *dizes* (CSM, LP, TC)
 JOVĪS (DIES) > *joues* (TC, GE)

A esta norma de paso do latín ao romance galego só cabe opoñerlle a solución [-j], que se deu naqueles casos en que o descendente da antiga vogal final latina -Ē, -Ē ou -Ī acabou por situarse na marxe posnuclear dun ditongo decrecente:

BŌVE > *boi* (CSM, LP), *boy* (LP, TC, GE)
 FŪIT > *fui* (NT), *foi* (CSM, LP, TC), *foy* (CSM, LP, TC)
 LĒGE > *lei* (CSM, TC), *ley* (CSM, LP, TC)
 RĒGE > *rec* (NT), *rei* (CSM, LP, TC), *rey* (CSM, LP, TC)
 VADIT > *vai* (CSM, LP, TC...), *vay* (CSM, LP, TC...)

Salvo no caso de LĒGE, para o que se rexistra *lee* mesmo en textos de finais do XIV ou de principios do XV (CSM, TC, GE, CT, MS), o resultado [-j] (< lat. -Ē, -Ē ou -Ī) dominou por completo neste contexto desde as mesmas orixes do idioma.

Por outra parte, cando o /-i/ procedente de -Ī átono final entraba en hiato con /i/ tónico debido á caída dunha consoante ou semiconsoante intervocálica, o resultado final da crase era /i/ tónico xa desde os primeiros textos conservados: AUDĪVĪ > *ouvi* (LP), *ouuj* (TC); DORMĪVĪ > *dormi* (LP); ĪBĪ > *y* (CSM, LP, TC...); MĪHĪ > *mi* (CSM, LP), *mī* (LP, TC), *min* (CSM, LP), *mim* (LP); VĪDĪ > *vi* (CSM, LP, HG-P), *uj* (TC); etc.

É certo que nalgúns textos galegos medievais, tanto literarios coma non literarios, aparecen desde o século XIII ata o XV formas grafadas con <-i>, <-j> ou <-y> átono final cando os seus étimos, consonte as normas de paso que acabo de expoñer, facían esperar <-e> (solución que, por outra parte, é a que en tales casos se documenta normalmente). Trátase de voces coma *amyudi*, *czinqui*, *dissi* ou *trouxi* (por *disse* ou *trouxe*, terceiras persoas do singular dos pretéritos de indicativo de *dizer* e *trager*), *fiqui*, *firmi*, *libris* ‘libres’, *monty*, *nomj*, *peyti*, *sabj*, os clíticos *mī*, *tī*, *chī*, *sī* e *xī*, etc.

Para comezar, cómpre admitir que é posible que tales formas, máis frecuentes nos documentos notariais do sur de Galicia ca nos do resto do territorio, reflectisen pronuncias con elevación do /-e/ átono final ou con realización intermedia entre [-e] e [-i] que aínda hoxe presentan algúns falares portugueses, asturianos ou leoneses (cf. de Granda Gutiérrez 1960: 100-105; Maia 1986: 375-378, 523; Cano González 2002: 30). Mais, de par disto, para certos casos pódese pensar tamén na actuación concomitante de determinadas atraccións analóxicas.

Como xa indicou Huber (1986: 227) no seu *Altportugiesisches Elementarbuch*, imperativos antigos da segunda conxugación coma *sabj* (< SAPE) ou *vendi* (< VENDE) (por *sabe* e *vende*) son formacións analóxicas creadas a partir do mode-

lo das correspondentes formas imperativas da terceira. Do meu punto de vista, tales formacións non poden estrañar a quen considere a antigüidade das tendencias cara á neutralización das oposicións morfolóxicas entre ambas as conxugacións. De *sabj*, concretamente, temos dous rexistros no *Tratado de Albeitaria* galego, de principios do século XV: “et *sabj* que o caualgar moito da Noite enpeçe ao Cauallo” (TA, p. 65); “Et *sabj* que o cauallo que o asy foi bem gardado como desuso dito he, et que foi temperadamente Cauallgado durara en sa bondade et en sa forza vinte anos” (TA, p. 67).

Os adverbios *longi* (< LONGĒ) e *tardi* (< TARDĒ), que ocorren na lírica profana dos séculos XIII e XIV (LP), talvez acusaron a influencia analóxica do adverbio *eiri* (< HĒRĪ), que mantén con elas unha relativa proximidade semántica e está documentado tamén, xunto con *eire*, en dúas cantigas. Coido que apunta nesta dirección o feito de que, como adverbio, a variante *tarde* non aparece nunca nesa produción poética¹⁵, que presenta en exclusiva a solución *tardi* en tres cantigas de tres autores de entre 1240 e 1300: “e con tod’ esso, ja vos ren non val, | ai meu amigo, ¡*tardi* vos nembrou!” (Johan Airas de Santiago, LP 63,21); “ca, se veer logo, *tardi* será, | e por esto nunca ced’ acharey” (Lopo, LP 86,7), “mais que *tárdi* que o vós entendestes!” (Vasco Gil, LP 152,7).

Sangui (< SANGUEN) (CSM, LP, TC, FT), variante de *sangue* bastante documentada en fontes dos séculos XIII e XIV, púidose crear baixo a influencia de derivados de *sangue* coma *sanguña* ‘sanguña’ (CSM) ou *sangria* (LP), rexistrados en textos do século XIII, ou doutros non atestados ata época máis tardía pero probablemente antigos tamén no idioma (caso de *sanguño* ou *sanguñento*).

Canto aos clíticos *mi* < MĒ, *ti* e *chi* < TĒ, *si* e *xi* < SĒ (variantes medievas de *me*, *te* e *che*, *se* e *xe* que xa decaen no século XIV), é posible que acusasen tanto a influencia das formas tónicas descendentes de MĪHĪ, TĪBĪ e SĪBĪ (*mi(n)*, *ti* e *si*) coma a das átonas *li/lli* e *lis/llis* (lat. ĪLLĪ). Cabe tamén a posibilidade, xa apuntada por Álvarez Blanco (1994: 139-140), de que as variantes con <-i> se xerasen en posición antevocálica para máis tarde xeneralizárense: *quanto mi amou* > *quanto mi deu*.

En todo caso, fosen cales fosen as causas de alcance xeral ou particular que en cada caso as produciron, nunca se debe esquecer que no galego escrito da Idade Media son minoritarias (e en certos casos excepcionais) estas formas con <-i>, <-j> ou <-y> átono final cando os seus étimos facían esperar <-e>. A norma, nestas voces, foi a súa escritura con <-e>, con excepcións que tenden a circunscribirse ao século XIII.

4.2. A culminación do paso /-i/ > /-e/ en posición átona final

Detereime agora, para darlle cabo a este traballo, no escollido grupo de palabras que no galego tardomedieval estaban a vivir as últimas fases da mudanza que

¹⁵ Como forma verbal de *tardar*, *tarde* encóntrase nun verso do xenovés Bonifaci Calvo: “e pois sabor | á de mha morte, roga -lh ' ei que non | mh -a *tarde* muyto, que é gram sazón | a que a quis e deseje por én” (LP 23,1).

conducía a abrir en /e/ a vogal /i/ procedente do -Ī que primitivamente tiveran en posición átona final. Trátase, basicamente, dunha presada de formas pronominais e verbais e dalgúñas palabras invariables presentes en textos literarios e mais en documentos notariais dos séculos XIII e XIV ou, máis raramente xa, en instrumentos notariais do XV. Pódese sumar a elas o grupo de antropónimos que contiñan o sufixo patronímico -iz.

4.2.1. Outri

Os contados rexistros de *outri* (< lat. ALTĒRĪ) concéntranse en fontes do século XIII e só resultan maioritarios nas *Cantigas de Santa María*, onde achamos once casos de *outri* fronte a cinco da variante *outre*. Ora ben, nove desas once ocorrencias están concentradas no refrán da cantiga 118 da edición de Walter Mettmann (“Fazer pode d’*outri* vive-los seus || fillos aquela que Madr’*e* de Deus”), mentres que as cinco de *outre* están diseminadas por outras tantas cantigas diferentes. Xa que logo, esta maioría de *outri* nas CSM é máis aparente ca real. Na lírica profana só se atopan dous casos de *outri* fronte a corenta e cinco de *outre*, *outrem* ou *ouren*¹⁶ e, ademais, dáse a circunstancia de que ambos os rexistros da variante con <-i> están en cantigas do mesmo trobador: o portugués Johan Soarez Coelho, activo entre 1240 e 1280. Finalmente, o TMILG só mostra catro rexistros de *outri* na prosa notarial, dous deles nun documento de 1276 e outros dous nun texto de 1286. Podemos dicir, por tanto, que a variante *outri* amosa unha vitalidade xa moi limitada nas fontes galegas do século XIII e, polo que en hoxe en día sabemos, está ausente por completo das do XIV, XV e XVI.

4.2.2. Li(s), lli(s)

Como xa observaron Maia (1986: 521-522, 669-670) e Álvarez Blanco (1994: 140), os clíticos *li(s)* e *lli(s)* (lat. ĪLLĪ), correntes nos textos arcaicos galegos e portugueses, predominan fronte a *le(s)* e *lle(s)* nos documentos notariais elaborados na zona suroccidental do territorio correspondente á actual provincia de Pontevedra ata o final do século XIII, e nos instrumentos do veciño noroeste portugués a súa presenza continuou sendo significativa ata moi entrado o XIV. Do territorio tudense, na Galicia suroccidental, proceden precisamente os documentos en que se achán os dous últimos rexistros de *llis* que ofrece o TMILG: un de 1332 e outro de 1344 (ROT, 407, 416). Abundan nesta idea Álvarez e Xove (1998), para quen da análise dos textos medievais parece deducirse que os pronomes dati-

¹⁶ Como xa advertiu Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1920: s.v.), as rimas dunha cantiga do trobador galego Pay Soares de Taveiros contida no Cancioneiro da Ajuda (*ouren / ren / ten*) mostran que xa no século XIII houbo un *ouren* agudo, nacido con certeza da analoxía con *quen*, *alguén* e *ninguén* e, evidentemente, coa vogal grafada <e> non situada na posición átona final nin procedente dunha evolución fonética -i > -e, senón nacida dunha mudanza analóxica. Non sei con certeza cantos *ouren* agudos se agocharán baixo as trinta e unha formas gráficas *ourem* e *ouren* que se detectan na lírica profana galego-portuguesa, mais, en todo caso, creo que podemos afirmar que nese corpus lírico a variante *outri* presenta unha porcentaxe de uso exígua en relación coa das variantes innovadoras *outre*, *outrem* e *ouren*.

vos de terceira persoa con /i/ (*lli*, *llis*) se empregaban en alternancia con *lle* e *lles* na variedade falada no territorio correspondente ao suroeste da actual provincia de Pontevedra ata fins do século XIII e na zona portuguesa contigua ata máis tarde. Por contra, no resto de Galicia debían de estar xeneralizadas as formas con /e/ (*lle*, *lles*) desde a época en que se empezou a producir regularmente documentación en romance. Ora ben, na primeira metade do XIV *lle* e *lles* terminarían imponéndose por completo tamén na lingua escrita na devandita área pontevedresa suroccidental (cf. Álvarez / Xove 1998: 49-50).

Á luz destes datos tirados da análise da prosa notarial, chama a atención o feito de que, estando ausentes por completo de calquera outra fonte de prosa non notarial ofrecida no TMILG, *li(s)*, *lli(s)* ou *lhi(s)* atinxan ao redor dun 60% de uso no conxunto da *Crónica Xeral Galega*, elaborada entre 1295 e 1312. Para Álvarez e Xove (1998: 53), este trazo lingüístico, unido a outros que eles tamén revisan no seu traballo, autoriza a concluír que “as características dialectais presentes na primeira parte da *Crónica Xeral Galega* (ms. 8817 [da Biblioteca Nacional de Madrid]) permítenos localizala na metade sur da provincia de Pontevedra, e máis en concreto na diocese de Tui”, así como situala cronoloxicamente entre o final do século XIII e os principios do XIV. Esta apreciación cadra con outra que xa anteriormente fixera Ramón Lorenzo, para quen esta tradución se realizou durante o reinado de Fernando IV.

Como máis arriba indiquei, en territorio portugués as variantes con /i/ gozaron de máis longa vida. Cara a isto parece apuntar a circunstancia de que tales solucións sexan raras nas *Cantigas de Santa María* e no *Cancioneiro da Ajuda*, elaborados no século XIII e no ámbito da corte de Afonso X o Sabio, pero moi frecuentes no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e no *Cancioneiro da Vaticana*, é dicir, nos apógrafos italianos da lírica profana que se presumen vinculados a unha compilación realizada en Portugal a mediados do século XIV¹⁷. Súmese a isto o revelador dato de que o *Corpus do Português* de Ferreira e Davies aínda mostra unha considerable persistencia de *lhi* en dúas fontes escritas do século XV: a *Demanda do Santo Graal* e o *Livro das Aves*.

4.2.3. Primeira persoa do singular dos pretéritos fortes de indicativo

A dilatada permanencia da vogal /-i/ < lat. -Ī nestas formas verbais produciu o efecto de que, mentres que a primeira persoa do singular presenta elevación da vogal radical producida metafonicamente pola vogal átona final, a terceira contén unha vogal radical máis baixa porque, carente do necesario elemento inductor, non se puido producir nela tal mudanza metafonética: (eu) *crive* (< CRĒDUĪ) / (el)

¹⁷ Véxanse, ademais do TMILG, López Martínez / Moscoso Mato (2007: 566, 569) e CBN (vol. 8, s.v.).

creve (< CRĒDUĪT), (eu) *fiz* (< FĒCĪ) / (el) *fez* (< FĒCĪT), (eu) *pude* (< PÖTUĪ) / (el) *pode* (<PÖTUĪT), etc.¹⁸

No ámbito do verso e da prosa non notarial as variantes con /-i/ só manteñen vixencia nas fontes que non se poden datar máis alá das décadas centrais do século XIV, cunha solitaria excepción que se encontra nos *Miragres de Santiago* (ca. 1390-1420): “eu avia de moy grãde amor et soydade de veer a sua façe et *quigi* mãdar pintar a semelança do seu rrostro” (MS, p. 53). O conxunto da lírica profana galego-portuguesa é con certeza a obra máis aberta á recepción destas solucións conservadoras, pois nela lense *dixi*, *figi*, *ouvi*, *pudi*, *pugi*, *quigi*, *soubi*, *sevi* e ‘*stivi*, con proporcións que mesmo se revelan inequivocamente maioritarias nos casos de *dixi* / *dixe* (con arredor dun 64% para a primeira), *ouvi* / *ouve* (con aproximadamente o 66% para *ouvi*), *pudi* / *pude* (con ao redor do 76% para *pudi*) e *soubi* / *soube* (cun 56%, máis ou menos, para *soubi*)¹⁹. Moito menos significativas son nesta fonte as maiorías de *pugi* (3 rexistros por 1 de *pux*), *sevi* (2 casos, por ningún de *sive* ou *seve*²⁰) e ‘*stivi* (un único rexistro, por ningún de *estive*²¹). Minoritaria ou moi minoritaria é, finalmente, a presenza de *quigi* (sobre un 8%²²) e *figi* (arredor dun 2,5%²³). Hai tamén dúas ocorrencias de *dixi* na Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, é dicir, nunha fonte en prosa directamente vinculada á lírica profana (AT, pp. 50, 51).

As *Cantigas de Santa María* acollen estas variantes conservadoras con moita menos xenerosidade. Nelas lense exclusivamente *dixi* e *ouvi*, aínda que cómpre advertir que o unico rexistro de *dixi* se enfrenta a dezaseis de *dixe* e que de *ouvi* só achamos dous (iso si, fronte a ningún de *ouve*). Na *Crónica Xeral Galega* atópanse usos de *dixi*, *figi*, *ouvi*, *quigi*, *soubi* e *trouxi*, case sempre minoritarios ou pouco significativos, a non ser no caso dos catro rexistros de *ouvi*, que se opoñen aos outros catro de *ouve*²⁴. *Ouvi* revélase, xa que logo, como unha forma que opón certa resistencia á innovación tanto en LP coma en CSM e mais en TC. Algo menos sobranceira resulta esa resistencia no caso de *dixi*.

¹⁸ Con todo, a analogía puido estender a raíz da primeira persoa ata a terceira e tamén ata outras formas. Xa nas *Cantigas de Santa María* se le, por exemplo, a terceira persoa *pude*, aínda que alternando con *pode* e *podo*. Véxase o TMILG.

¹⁹ Contabilicei 112 ocorrencias de *dixi/dixe*, 83 de *ouvi/ouve*, 54 de *pudi/pude* e 18 de *soubi/soube*. Obviamente, para estes cómputos desbotei as formas con elisión da vogal átona final por fonética sintáctica.

²⁰ O que si hai é un caso de *ssiv*’ (LP 64,9) nunha cantiga do xograr galego Johan Baveca, activo no segundo terzo do século XIII. Mais a elisión ocúltanos a vogal átona subxacente.

²¹ *Esteve* emprégase como terceira persoa do singular.

²² Son 5 rexistros, a par de 11 de *quige* e 47 de *quis* ou *quix*.

²³ Son 4 casos, fronte a outros 4 con /-e/ e 148 con apócope.

²⁴ Atópase nesta crónica unha liña en que se len consecutivamente *soubj* e *poyde*, coa variante conservadora e a variante innovadora coexistindo unha de par da outra, como adoita ocorrer coas variables sometidas a unha mudanza lingüística: “E[s]ta pequena estoria [conpu-sea] eu, asi como *soubj* et *poyde*” (TC, p. 819).

Canto á prosa notarial, os datos recadados só resultan significativos para os pretéritos de *fazer* e de *põer*, que comparecen en fórmulas recorrentes neste tipo de textos e coinciden en amosar unha evolución declinante das variantes con /-i/ entre os séculos XIII e XV, mais, iso si, cun emprego notablemente máis resistente das variantes conservadoras de *põer* ca das de *fazer* (véxanse as Táboas 1 e 2). *Fyzin* e *pugy* aparecen mesmo nun documento elaborado en Morgade (Lugo) nunha data tan tardía como 1497, aínda que non se nos debe escapar o feito de que o fan coexistindo coa variante *fyze*, que se le a moi poucas palabras de distancia de *pugy*:

... que eu o dyto Roy Vaqueos achev feytas τ das que eu *fyzin* τ vos fezerdes paguaredes a sefma medydos por los çeftos ennas dytas vynas... (HG-P, p. 125; Morgade-Lugo, ano 1497).

Et eu Anbrofio Fernandez, notario publico jurado por la abtorydad apofstolical a todo lo sobre dyto prefente foy en vno con los sobre dytos teftigos τ esta carta de foro (...)to das partes por mja mão ben τ fyel mente escribyn τ *pugy* en ela meu nome τ sygno *fyze* en testymony de verdade que tal he (HG-P, p. 125; Morgade-Lugo, ano 1497).

	Século XIII	Século XIV	Século XV
fizi(n), fisi, figi, fixi	7 (2,6%)	17 (2,3%)	5 (0,8%)
fize, fise, fige, fixe	40 (14,7%)	211 (29,1%)	175 (29,8%)
fiz, fis, fix	225 (82,7%)	497 (68,6%)	408 (69,4%)

Táboa 1. Uso de *fizi(n)*, *fisi*, *figi*, *fixi* / *fize*, *fise*, *fige*, *fixe* / *fiz*, *fis*, *fix* (e variantes gráficas) na prosa notarial. FONTE: Elaboración propia a partir dos datos ofrecidos polo TMILG²⁵.

Nas fontes notariais ofrecidas polo TMILG só detectei outros tres rexistros de variantes con /-i/ para formas doutros paradigmas verbais. As tres son da segunda metade do século XIII: *dixi* (DGS13-16, p. 7, anos 1242-1252), *dizi* (HG-P, p. 70, ano 1258) e *teui* (VFD, p. 16, ano 1251). Con todo, o *Diccionario de dicionarios do galego medieval* suxire que na escrita notarial tales variantes deberon de manter un exíguo uso ata o século XV, xa que en dous documentos do concello de Noia datados en 1421 aparece cadanseu rexistro da primeira persoa *tiuy* (cf. González Seoane 2006).

²⁵ Tanto nesta coma nas Táboas 2 e 3 indico en primeiro lugar o número total de rexistros detectados e depois, entre parénteses, as porcentaxes. Na prosa notarial do século XVI só atopo seis casos de *fize* ou *fige* e once de *fiz*.

	Século XIII	Século XIV	Século XV
pusi, pugi, puxi	81 (32,4%)	57 (9,6%)	39 (7,7%)
puse, puge, puxe	129 (51,6%)	516 (86,9%)	457 (90,9%)
pus, pux	40 (16,0%)	21 (3,5%)	7 (1,4%)

Táboa 2. Uso de *pusi, pugi, puxi* (ou *possi, pogi, pogy*) / *puse, puge, puxe* (ou *poge*) / *pus, pux* (e variantes gráficas). FONTE: Elaboración propia a partir dos datos ofrecidos polo TMILG²⁶.

4.2.4. Segunda persoa do singular dos pretéritos de indicativo

A persistencia de /i/ como vogal átona final tamén se observa na desinencia destas formas verbais, que en CSM, LP e TC se presenta quer coas variantes minoritarias *-sti* e *-schi*, quer coas maioritarias *-ste* e *-sche* (< lat. -STĪ) (véxase a Táboa 3). Estas últimas, con /-e/, son as únicas que se detectan no resto das fontes en prosa ou verso dos séculos XIV, XV e XVI.

	CSM	LP	TC
-sti, -schi	28 (19,3%)	5 (33,3%)	21 (36,8%)
-ste, -sche	117 (80,7%)	10 (66,7%)	36 (63,2%)

Táboa 3. Variantes da desinencia da segunda persoa do singular dos pretéritos de indicativo en CSM, LP e TC. FONTE: Elaboración propia a partir dos datos ofrecidos polo TMILG.

Canto aos usos das variantes con /-i/ detectados en TC, cómpre facer unha reveladora observación. Desta tradución galega da *Crónica General* de Afonso X, da *Crónica de Castilla* e da *Crónica Particular de San Fernando* hai que recordar que se nos transmitiu por medio de dous manuscritos. O máis antigo deles (ms. 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid) escribiuse entre 1295 e 1312 e consta de dous códices primitivamente independentes aínda que xa unidos no século XIV. O segundo, probablemente de finais do XIV, é o 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca e só contén a tradución parcial da *Crónica General* que tamén ofrece o ms. 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid. Segundo Lorenzo (1975/1977: I, LVII), todo induce a pensar que este segundo manuscrito é unha copia da primeira parte do primeiro, ou ben unha copia doutro manuscrito hoxe desaparecido en que por súa vez se copiara o primeiro. Para o profesor da Universidade de Santiago de Compostela, as coincidencias textuais entre ambos os documentos son numerosas e significativas, ao paso que as súas diferenzas consisten a miúdo en modernizacións da lingua que se efectuaron no manuscrito de finais do XIV (o A₁ na edición de Lorenzo):

El gran número de lecturas equivocadas, los numerosos disparates y los abundantes saltos comunes a ambos manuscritos solamente tienen justificación si

²⁶ Na prosa notarial do século XVI só atopo dous casos de *puxe*.

pensamos en una filiación de ambos. No se trata de una simple copia, pues hay bastantes variantes. Pero estas variantes de A₁ [o ms. 2497 de Salamanca] se refieren, por lo general, a la modernización de la lengua y a enmiendas fáciles al texto errado de A [o ms. 8817 de Madrid] (como la adición de palabras olvidadas o el restablecimiento de la concordancia). En muy pocas ocasiones hay añadidos independientes al texto de A (Lorenzo 1975/1977: vol. I, p. LVII).

Pois ben, o que resulta revelador é o feito de que as tres formas rematadas en *-sti* ou *-schi* que se atopan no fragmento do manuscrito A que se reproduce en A₁ aparecen coa desinencia *-ste* ou *-che* na fonte de finais do século XIV. En efecto, os *amaschi* (TC, p. 132, l. 50), *disesti* (TC, p. 106, ls. 32-33) e *fezisti* (TC, p. 240, l. 43) de A deron paso a *amache*, *disiste* e *fezeche* en A₁, como pode verse no aparato de notas da edición desta crónica realizada por Ramón Lorenzo.

Como adoita acontecer cando se están a dar procesos de mudanza lingüística coma este, os poetas daquel tempo, como usuarios conscientes da variación que lles ofrecía a lingua coa que traballaban, xogaron estilisticamente con ambos os tipos de solucións. Isto é o que se advirte na cuadraxésima composición da edición das *Cantigas de Santa María* preparada por Walter Mettmann (CSM, vol. I, pp. 217-218), na que se usan en posición de rima *concebiste*, *pariste*, *sobiste* e *quesiste* na primeira estrofa (na que tamén se le *ficaste*), mentres que nas tres restantes se empregan *enchoisti*, *fezisti*, *ouvisti*, *oisti*, *disti*, *trouxisti*, *remñisti*, *vencisti*, *tollisti*, *frangisti*, *metisti* e *vñisti*. As discrepancias que se observan entre os tres manuscritos que transmiten a cantiga, consignadas por Mettmann na súa edición, afectan en certos casos a esta desinencia verbal, mais non alteran a conclusión de que o autor destes versos era plenamente consciente de que a lingua coa que traballaba presentaba a variable lingüística da que estamos a falar:

Salve-te, que concebiste
mui contra natura,
e pois teu padre pariste
e ficaste pura
Virgen, e poren sobiste
sobela altura
dos ceos, porque quesiste
o que el queria.

[...]

Salve-te, que enchoisti
Deus gran sen mesura
en tí, e dele fezisti
om' e creatura;
esto foi porque ouvisti
gran sen e cordura
en creer quando oisti
ssa messengeria.

[...]

Salve-te Deus, ca nos disti
en nossa figura
o seu Fillo que trouxisti,
de gran fremosura,
e con el nos remñisti
da mui gran loucura
que fez Eva, e vencisti
o que nos vencia.

[...]

Salve-te Deus, ca tollisti
de nos gran tristura
u por teu Fillo frangisti
a carcer escura
u yamos, e metisti-
nos en gran folgura;
con quanto ben nos vñisti,
queno contaria?

No resto das CSM, dentro dun contexto en que son maioría as desinencias con <-e>, rexístranse tamén *desti*, *empregasti*, *fugisti*, *fusti*, *guardasti* e *perdisti*.

Nesta mesma orde de cousas, cómpre subliñar que as variantes *-sti* e *-ste* son empregadas alternadamente nunha cantiga de Pedr'Amigo de Sevilha, xograr activo no tempo e na corte de Afonso X o Sabio: “Marinha Mejouchi, Pero d A[n]brõa | diz el que tu o *fuisti* pregoar | que nunca foy na terra d' Ultramar; | mays non *fezisti* come molher bõa, | ca, Marinha Mejouchi, sy é sy, | Pero d' Anbrõa sey eu ca foy lhy; | mays *quesiste-lh'* y tu mal assacar” (LP 116,15).

As variantes *-sti* e *-schi* non aparecen en ningunha outra das fontes integradas no TMILG, máis cómpre reparar en que as formas de segunda persoa do singular que as conteñen son moi infrecuentes na prosa notarial. O certo, en todo caso, é que as obras de prosa histórica, literaria ou relixiosa dos séculos XIV e XV que se escribiron despois da *Crónica Xeral Galega* (TC) presentan sen ningunha excepción as variantes con /-e/ (véxase a Táboa 4):

	GE	CT	HT	MS	CGC	Prosa notarial XIII	Prosa notarial XIV	Prosa notarial XV
-sti, -schi	0	0	0	0	0	0	0	0
-ste, -sche	70	37	30	36	31	13	3	3

Táboa 4. Rexistros das variantes da desinencia da segunda persoa do singular dos pretéritos de indicativo en diversos textos en prosa e verso dos séculos XIII, XIV e XV. FONTE: Elaboración propia a partir dos datos ofrecidos polo TMILG.

4.2.5. Segunda persoa do singular dos imperativos da terceira conjugación

Nestas formas verbais a secular presenza de /i/ en posición átona final produciu tamén o efecto de elevar as súas vogais radicais, de tal modo que para esta función acabaron consagrándose, ademais de /a/, /i/ na serie palatal (**segui* > *sigui*) e /u/ na serie velar (*cobri* > *cubri*)²⁷. Por outra parte, /e/ acabou estabilizándose como vogal temática destas formas verbais e, así, *sigui* cedeu ante *sigue* e *cubri* ante *cubre*.

Na miña opinión, os contados rexistros deste tipo de imperativos que logrei detectar no TMILG permiten afirmar que, aínda que as variantes con /-e/ xa se coñecían no século XIII, as que mantiñan /-i/ resistiron polo menos ata as primeiras décadas do XV. En efecto, *fuge* (< lat. FŪGĪ) está xa nas *Cantigas de Santa María* (“*Fuge*, mao, | mui peor que rapaz”; CSM 47,35), ao paso que *syrue* (< lat.

²⁷ As segundas persoas do singular de imperativos da terceira conjugación con vogal radical inflexionada polo /-i/ átono final que despois se abriu en /-e/ (*sirvi* > *sirve*, *cubri* > *cubre*, etc.) funcionaron como modelo para a xeración de formas análogas en verbos da segunda conjugación que se rexistran en fontes ourensás do século XVIII (*aprinde*, en PFM; *bibe*, en PDG) e que na actualidade son propias de falas de Ourense e do sur da provincia de Lugo onde se usan *bibe* ou *cume* (cf. ALGa 1, mapas 68, 82; Fernández Rei 1990: 81).

SĔRVĪ) se atopa na tradución da *Grande e General Estoria* afonsina, elaborada nas primeiras décadas do século XIV: "...Deus em teu coraçõ et tua créença, et [adoroo] et *syruo* et El te fara moy grande merçede" (GE, p. 132). Porén, os *Miragres de Santiago* conteñen aínda un caso con /-i/ ("Vête et *sigime* ata Galiza"; MS, p. 191) e no *Tratado de Albeitaria*, de principios do XV, alternan *cubri*, *co-bre* e *cube*:

Primeiramente pararas o Cauallo en lugar caente et caenta enno fogo pedras, et lançaas so o uentre do Cauallo, et *Cubri* o Cauallo de hũa cuberta de llãa (TA, p. 101).

Fage enprasto da greeda alua amasada con vinagre forte et con pouco de sal ben mudo, et deste enprasto *cobre* todo o jnchaço da coyxa et ponllo duas uezes no dia (TA, p. 137).

Para esto ual moyto o esterqo das cabras et outro tanto da farina do orio amasado todo con vinagre forte, et deste enprasto *cubre* toda a (a) coyxa jnchada et renoualle este enprasto duas uezes no dia (TA, p. 137).

4.2.6. Outras formas con /i/ átono final

Nos textos medievais incorporados ao TMILG só aparecen dous rexistros da variante *eiri* (< lat. HĔRĪ), e os dous están na lírica profana galego-portuguesa. Un deles atópase nunha cantiga de Airas Perez Vuitoron, autor de probable orixe galega que debeu de desenvolver a súa actividade poética basicamente na década de 1240: "Don Estevão, eu *eiri* comi | en cas del-Rei, nunca vistes melhor" (LP 16,6). O outro caso lese nunha composición de Martin Soarez, trovador portugués da localidade miñota de Riba de Lima que morreu arredor de 1260: "E as jornadas sei eu ben, | como lhi *éiri* oí falar" (LP 97,28). Fronte a isto, na lírica profana hai catro rexistros de *eire*: un nunha peza de Pero Garcia de Ambroa (LP 126,3), trovador galego activo aproximadamente entre 1228 e 1260, e tres nunha de Juião Bolseiro, xograr tamén galego de mediados do XIII (LP 85,7). Por tanto, estes rexistros de *eiri* e *eire* son todos de poetas galegos ou do Minho portugués que compuxeron a súa obra lírica a mediados do douscentos²⁸.

Vijnte é o resultado habitual de VĪĜINTĪ na documentación galega medieval. A única excepción que a este respecto pode mencionar é a variante *viintj* que se le nun texto notarial do sur da actual provincia de Pontevedra datado en 1282: "Era de mil τ trezētof τ *viintj* anof" (HG-P, p. 190). Ora ben, Maia (1986: 523) rexistrou tamén dous casos de *vijnti* en senllos documentos do Douro Litoral portugués datados no ano 1313.

²⁸ En fontes galegas do século XIV aínda aparecen dous rexistros deste infrecuente adverbio, sempre con *-e* final: un na tradución da *Grande e General Estoria* ("Mays catou Deus, et vio omeu traballo et fezóo mellor et castigou aty *eyre* queme nõ fezeses nêgum mal", GE, p. 294) e outro nun documento conservado na catedral de Mondoñedo e datado en 1348 ("et o segundo que foy çebrado *eyre* diomingo que foron quatro dias deste mes de mayo sobredito", CDMACM, p. 145).

Finalmente, a todo o anterior hai que lle engadir que a variante *-iz* do sufixo patronímico ou as súas alternativas *-ici*, *-it*, *-izi*, *-ix* predominan amplamente na documentación galega escrita en latín correspondente aos séculos IX, X, XI, XII e XIII: *Aloitiz*, *Fernandiz*, *Nuniz*, *Lupici*, *Pelaici*, *Ramirici*, *Aluitit*, *Fortunit*, *Menendit*, *Ouequizi*, *Pelagizi*, *Uimarizi*, *Gutierix*, *Menendix*, etc. (cf. Boullón Agrelo 1999: 46-52). A solución moderna *-ez*, que empeza a atestarse esporadicamente nas fontes de finais do século X, responde á esperable transformación /i/ > /e/ en posición átona final e é xa a variante comunmente utilizada nos documentos redactados en romance galego a partir do século XIII. Obviamente, sobre moitos dos rexistros con *-iz*, *-ici*, *-it*, *-izi*, ou *-ix* tiveron que pesar os coñecidos resaibos latinizantes dos escribas, sen dúbida esporeados pola proximidade gráfica e fónica das variantes deste sufixo a respecto dos xenitivos latinos rematados en *-ici*, *-is* e *-i*. Por conseguinte, non sempre se daría unha correspondencia entre tales formas gráficas con <i> e formas da lingua oral producidas con /i/ en posición átona final.

4.2.7. Cabo

Baseándose en informacións que a principios do século XX recadara Cornu (1906), Joseph Huber (1986: 93) sinalou na súa *Gramática do português antigo* que o /-i/ átono final se mantivera ata os inicios do século XIV en formas imperativas como *dormi*, *pidi* ou *servi*, na primeira persoa do singular de perfectos fortes como *estivi*, *ouvi* ou *quigi*, na segunda de perfectos como *cantasti* e *partisti*, no numeral *viinti* e no adverbio *eiri*. Creo que a revisión realizada neste artigo autoriza a concluír que as fontes agrupadas no TMILG esixen alongar un pouco máis este período de permanencia, cando menos no relativo aos textos estritamente galegos. Como vimos máis arriba, dous rexistros das variantes con terminación en /-i/ comparecen mesmo nun documento notarial redactado en data tan serodia coma 1497. Se estes testemuños tan tardíos levantasen sospeitas, creo que contribúen a disipalas os casos dos imperativos *sigi* (MS) e *cubri* (TA), que se rexistran en textos de finais do século XIV ou de principios do XV, e os outros usos de *figi*, *pugi* e *tiui* (ou variantes) que se detectan en fontes notariais do XV. Por conseguinte, coido que se pode afirmar que, a pesar de que o triunfo de /-e/ átono final estaba próximo á súa consumación ao finalizar o século XIV, algunhas variantes con /-i/ deberon de conservar aínda unha exígua vitalidade que lles permitiu aflorar en certos estilos do galego escrito do século XV. Reliquias daquela primitiva situación con distinción de dúas vogais anteriores na devandita posición son topónimos como *Estramundi* (A Coruña) e *Trasmundi* (A Coruña), construídos sobre a base de antropónimos xermánicos declinados en xenitivo que perviviron ata hoxe.

FONTES MEDIEVAIS E MODERNAS CITADAS²⁹

- ALGa 1: INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 2: INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 3: INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- AP: Fernando Rafael TATO PLAZA (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Ilustre Colexio Notarial da Coruña.
- AT: Giuseppe TAVANI (ed.) (1999): *Arte de trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa. Introdução, edição crítica e fac-símile*. Lisboa: Edições Colibri.
- CBN: *Cancioneiro da Biblioteca Nacional: antigo Colocci-Brancuti*. Leitura, comentários e glossário por Elza Paxeco Machado e José Pedro Machado. 8 vols. Lisboa: Revista de Portugal, 1949-1964.
- CDMACM: Enrique CAL PARDO (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo. Transcrición íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- CI: Rui VASQUEZ (2001): *Crónica de Santa Maria de Íria*. Estudo e edizón de José António Souto Cabo. Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Ediciós do Castro.
- CSM: Walter METTMANN (ed.) (1959-72): Alfonso X: *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reedición: Vigo: Xerais, 1981 (2 vols.).
- CT: Ramón LORENZO (ed.) (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- DAVIES, Mark / Michael J. FERREIRA: *O Corpus do Português (46.000.000 words / palavras, 1200s - 1900s)*. National Endowment for the Humanities (<http://www.corpusdoportugues.org/>) [febreiro e marzo, 2009].
- DGS13-16: Andrés MARTÍNEZ SALAZAR (ed.) (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña: Casa de la Misericordia.
- FT: Pilar LORENZO GRADÍN / José António SOUTO CABO (coords.) (2001): *Livro de Tristan e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- GE: Ramón MARTÍNEZ LÓPEZ (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.I. del Escorial*. Oviedo: Publicaciones de Archivum. Ti véronse en conta as correccións de Ramón LORENZO / Xosé Luís COUCEI-

²⁹ Na maior parte dos casos os datos tomados destas fontes foron obtidos a través do TMILG.

- RO (1999): “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (I)”, in *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (eds.), vol. 1, pp. 595-627. Universidade de Santiago de Compostela; e Ramón LORENZO / Xosé Luís COUCEIRO (1999): “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (II)”, in *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, María Teresa García-Sabell Tormo et alii (eds.), vol. 2, pp. 209-233. Universidade de Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (dir.) (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Anexo 57 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- HG-P: Clarinda de Azevedo MAIA (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- HT: Kelvin M. PARKER (ed.) (1975): *Historia Troyana. Edición e introducción*. Santiago: Instituto Padre Sarmiento. Tivéronse en conta as correccións que a esta edición lle fixo Ramón LORENZO (1982): “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”. *Verba* 9: 253-290.
- LP: Mercedes BREA LÓPEZ (coord. de edición) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.
- MERS: Emilio DURO PEÑA (ed.) (1977): *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- MPR: Emilio DURO PEÑA (1972): *El monasterio de S. Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- MS: José Luis PENSADO (1958): *Miragres de Santiago*. Edición y estudio. Anexo 58 da *Revista de Filología Española*. Madrid.
- NT: Luís F. LINDLEY CINTRA (1990): “Sobre o mais antigo texto ño literário português: *A Notícia de Torto* (leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário lingüístico)”. *Boletim de Filologia* 31: 21-77.
- PDG: Fr. Juan SOBREIRA (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Ms. s. XVIII. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- PFM: Plácido FEIJOO Y MONTENEGRO (1723): “Escoyten que falo eu”, in *Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catholica accion, de aver ido acompañando sus magestades al SSmo. Sacramento, que iba a darse por Viatico à una Enferma, el día 28 de noviembre de 1722, cantaron los mejores cisnes de España*, p. 134. Madrid: Imprenta de Juan de Ariztia, 1723.

- ROT: Ermelindo PORTELA SILVA (ed.) (1976): *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV. Una sociedad en la expansión y en la crisis*. Santiago de Compostela: Tipografía El Eco Franciscano.
- SITGA-IDEG: *Toponimia de Galicia. Buscador Avanzado*. Xunta de Galicia [http://sitga.xunta.es/buscadoravanzado/ (xaneiro e febreiro de 2009)].
- SVP: Manuel LUCAS ÁLVAREZ / Pedro LUCAS DOMÍNGUEZ (eds.) (1996): *El priorato beneditino de San Vicenzo de Pombeiro y su colección diplomática en la Edad Media*. Sada / A Coruña: Edición do Castro.
- TA: *Tratado de Albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis Pensado Tomé. Revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004.
- TC: Ramón LORENZO (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- TMILG: Xavier VARELA BARREIRO (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [http://ilg.usc.es/tmilg], [decembro 2008-febreiro 2009].

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO, Dámaso (1962): “Metafonía, neutro de materia y colonización suditaliana en la Península Hispánica”, in *La fragmentación fonética peninsular*, tomo I de *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Manuel Alvar et alii (dirs.), pp. 105-154. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé XOVE (1998): “Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*”, in *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Dieter Kremer (ed.), vol. 1, pp. 29-58. Vigo: Galaxia.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (1994): “As formas de dativo e a expresión do número en galego medieval: *lle / lles, llo / llelo*”. *Verba* 21: 133-166.
- ÁLVAREZ MARTÍNEZ, María Ángeles (2006): “Extremeño”, in *Manual de dialectología hispánica. El Español de España*, Manuel Alvar (dir.), pp.171-182. Barcelona: Ariel.
- BLAYLOCK, Curtis (1964-1965): “Hispanic metaphony”. *Romance Philology* 18/3: 253-271.
- BORREGO NIETO, Julio (2006): “Leonés”, in *Manual de dialectología hispánica. El Español de España*, Manuel Alvar (dir.), pp. 139-158. Barcelona: Ariel.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- CANO GONZÁLEZ, Ana María (1981): *El habla de Somiedo (Occidente de Asturias)*. En *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*: Separata de los números 4 y 5 con índice y vocabulario. Universidade de Santiago de Compostela.

- CANO GONZÁLEZ, Ana María (2002): “Evolución lingüística interna del asturiano”, in *Informe sobre la llingua asturiana*, 3ª ed. aum., coor., pp. 27-58. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- CARVALHO, José Gonçalo Herculano de (1962): “Nota sobre o vocalismo antigo português: valor dos grafemas *e* e *o* em sílaba átona”. *Revista Portuguesa de Filologia* 12: 17-39.
- CASTRO, Ivo (1991): *Curso de História da Língua Portuguesa*. Colaboração de: Rita Marquilhas e J. León Acosta. Lisboa: Universidade Aberta.
- CASTRO, I. (2006): *Introdução à História do Português*. Segunda edição revista e muito ampliada. Lisboa: Edições Colibri.
- CINTRA, Luís F. Lindley (1990): “Sobre o mais antigo texto não literário português: *A Notícia de Torto* (leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário lingüístico)”. *Boletim de Filologia* 31: 21-77.
- CORNU, Jules (1906): “Grammatik der portugiesischen Sprache”, in *Grundriss der romanischen Philologie*, Gustav Gröber (ed.), pp. 916-1037. Strassburg: Karl J. Trübner.
- DCECH: Joan COROMINAS / José Antonio PASCUAL (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FERREIRO, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- GARCÍA ARIAS, Xosé Lluis (1988): *Contribución a la gramática histórica de la lengua asturiana y a la caracterización etimológica de su léxico*. Uviéu: Biblioteca de Filoloxía Asturiana.
- GARCÍA DE DIEGO, Vicente (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez.
- GRANDA GUTIÉRREZ, Germán de (1960): “Las vocales finales del dialecto leonés”, in *Trabajos sobre el dominio románico leonés*, Álvaro Galmés de Fuentes (ed.), vol. 2, pp. 27-117. Madrid: Gredos.
- HART JR., Thomas R. (1955): “Notes on Sixteenth-century Portuguese pronunciation”. *Word* 11: 404-415.
- HART JR., Thomas R. (1959): “The overseas dialects as sources for the history of Portuguese pronunciation”, in *Actas do III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Lisboa, 9 a 15 de setembro de 1957)*, vol. 1, pp. 261-272. Lisboa: [s.n.].
- HUBER, Joseph (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- LÓPEZ GARCÍA, Ángel (1977-1978): “Simetría, asimetría y disimetría en el vocalismo iberorrománico”. *Archivum* 27-28: 293-334.
- LÓPEZ MARTÍNEZ, María Sol / Eduardo MOSCOSO MATO (2007): “Morfología do Cancioneiro da Ajuda”, in *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.),

- pp. 557-577. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- LORENZO, Ramón (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- LORENZO, Ramón (1995): “La koiné gallega”, in *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 2, 2: *Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete vom Mittelalter bis zur Renaissance / Les différentes langues romanes et leurs régions d’implantation du Moyen Âge à la Renaissance*, Günter Holtus, Michael Metzeltin e Christian Schmitt (eds.), pp. 649-679. Tübingen: Max Niemeyer.
- LÜDTKE, Helmut (1970): “Les résultats de /-Ī/ en espagnol ancien et moderne”, in *Phonétique et linguistique romanes. Mélanges offerts à M. Georges Straka*, vol. 1, pp. 52-56. Lyon/Strasbourg: Centre National de la Recherche Scientifique/Société de Linguistique Romane.
- LÜDTKE, Helmut (1993): “As orixens do *-i* final átono do portugués antigo”, in *Semiótica e lingüística portuguesa e românica. Homenagem a José Gonçalo Herculano de Carvalho*, Jürgen Schmidt-Radefeldt (ed.), pp. 281-284. Tübingen: Narr.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- MARTÍNEZ ÁLVAREZ, Josefina (2006): “Las hablas asturianas”, in *Manual de dialectología hispánica. El Español de España*, Manuel Alvar (dir.), pp. 119-133. Barcelona: Ariel.
- MARTINS, Ana Maria (1988): “Metafonía verbal no portugués – uma abordagem histórica”, in *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Dieter Kremer (ed.), pp. 349-366. Tübingen: Instituto de Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega.
- MARTINS, Ana Maria (2007): “O primeiro século de portugués escrito”, in *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), pp. 161-184. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1980): *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*. 9ª ed. (según la tercera, muy corregida y adicionada). Madrid: Espasa-Calpe.
- NARO, Anthony (1971): “The history of *e* and *o* in Portuguese. A study in linguistic drift”. *Language* 47: 615-645.
- NETO, Serafim da Silva (1977): *História da língua portuguesa*. 3ª ed. Rio de Janeiro: Presença / MEC.
- PENNY, Ralph J. (1970): *El habla pasiega: ensayo de dialectología montañesa*. London: Tamesis Books.

- PENNY, Ralph J. (1978): *Estudio estructural del habla de Tudanca*. Tübingen: Niemeyer.
- REVAH, I. S. (1959): “Comment et jusqu’ à quel point les parlers brésiliens permettent-ils de reconstituer le système phonétique des parlers portugais des XVI^e - XVII^e siècles”, in *Actas do III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Lisboa, 9 a 15 de setembro de 1957)*, vol. 1, pp. 273-291. Lisboa: [s.n.].
- SANTAMARINA, Antón (1974): *El verbo gallego. Estudio basado en el habla del Valle del Suarna*. Anexo 4 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- SOUTO CABO, José António (1996): “O ‘Testamento de Estêvão Peres’ (1230). Aproximação à primeira escrita galego-portuguesa na Galiza”. *Revista de Filología Románica* 13: 123-149.
- TEYSSIER, Paul (1966): “La prononciation des voyelles portugaises au XVI^{ème} siècle d’ après le système orthographique de João de Barros”. *Annali dell’ Istituto Universitario Orientale. Sezione Romanza* 8/1: 127-198.
- VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de (1920): “Glossario do Cancioneiro da Ajuda”, *Revista Lusitana* XXIII/1-4: 1-95.
- WILLIAMS, Edwin B. (1975): *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*. 3^a ed. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.